

## **ASENTAMENTOS HUMANOS E URBANIZACIÓN DO TERRITORIO NA PROVINCIA DE LUGO**

**ESTE TRABALLO ENMÁRCASE DENTRO DO PROXECTO DO PLAN  
NACIONAL DE INVESTIGACIÓN I=D "LOS NUEVOS PROCESOS DE  
URBANIZACIÓN Y LA ORDENACIÓN DEL TERRITORIO EN GALICIA"  
(SEC 92-0600)**

**ALEJANDRO LÓPEZ GONZÁLEZ  
ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**

Dende os primitivos asentamentos castrexos ó actual sistema urbano o home foi establecendo diferentes modelos de poboamento sobre o espazo provincial. Todos eles responden a un estímulo inicial de humanización territorial. Cada sociedade, en virtude dos seus intereses e necesidades, vai establecer un paradigma particular de ocupación, aproveitando e transformación do medio no que se establece. É así como debemos entender ó actual sistema de asentamentos na provincia de Lugo; como un modo de organización socioeconómica reflexo das pautas de funcionamento e evolución das sociedades; como unha creación social.

Dende este punto de vista, plantexamos o estudo do sistema de asentamentos humanos tendo en conta o recente proceso de urbanización que o espazo está a sufrir nas últimas décadas, a consecuencia da inmersión de Galicia, como todo o estado español, nun contexto económico de corte capitalista acaecido trala superación da política autártica de posguerra (SOUTO GONZÁLEZ, 1988).

Tal fenómeno, respondendo as estratexias productivas do modelo socioeconómico que o sustenta, vai dar lugar á aparición dun sistema de asentamentos baseado nos núcleos urbanos, ó ser nestes onde a fixación e reprodución do modelo capitalista acada a súa máxima expresión. Os elementos constituíntes de calquera sistema (núcleos de poboación dende a aldea máis pequena ata as vilas e cidades), van configurar un todo unitario e conectado mediante numerosos e moi variados fluxos e interrelacións; dando lugar á aparición de comarcas funcionais ou sistemas urbanos nos que se vertebra o territorio.

O presente traballo plantéxase coñecer o funcionamento da rede de asentamentos na provincia de Lugo, e como estamos a dicir, para comprender a presente distribución dos núcleos de poboación é necesario un achegamento á evolución

histórica das entidades humanas para, a posteriori, centrarnos na distribución espacial que presentan os elementos organizadores do actual sistema (vilas e cidades), atendendo ó papel que xogan dentro de cada sistema ou subsistema urbano.

Deste modo establécese un esquema metodolóxico no que, en primeiro lugar, faremos unha esqueta aproximación ás diferentes pautas de ocupación territorial que as diferentes sociedades e grupos humanos desenvolveron ó longo da historia sobre o espacio lucense. en segundo lugar analizaremos a distribución dos asentamentos, diferenciando entre rurais e urbanos, analizando as particularidades de cada tipo: Número, localización, papel no proceso de urbanización,... Para rematar atenderemos á funcionalidade que cada elemento desempeña dentro da malla urbana, neste senso centrarémonos fundamentalmente no papel que os núcleos rectores desempeñan como centros abastecedores de bens e servicios das súas comarcas funcionais. A tal efecto farase unha análise máis específica da actividade comercial, ó ser esta unha función característica dos lugares centrais e que permite extraer conclusións sobre a organización espacial do sistema provincial.

## I.—APROXIMACIÓN HISTÓRICA ÓS MODOS DE POBOAMENTO.

O verdadeiro inicio do poboamento galego ven co megalitismo, momento no que escomeza unha intensa ocupación do territorio. Esta traducirase nun hábitat concentrado en pequenos asentamentos distribuídos equilibradamente polo espacio galego, agás nas zonas altas das serras orientais. É nesta época cando fica planteado o inicio do hábitat galego (SOUTO GONZALEZ, 1988).

Un momento de especial transcendencia, debido a un cambio no hábitat, ven dado pola extensión, a partir do século VI, do fenómeno castrexo. López Cuevillas definiunos como recintos fortificados, de forma oval ou circular, provistos de un ou varios núcleos concéntricos, precedidos xeralmente do seu correspondente foso, e situados, os máis deles, no cume de outeiros ou montañas. É, por tanto, unha tipoloxía de asentamentos fundamentalmente defensivo que responde ás necesidades dunha sociedade organizada en pequenas comunidades.

A colonización romana supuxo unha reorganización do espacio galego, introducido un novo elemento de capital importancia: O fenómeno urbano. Isto tivo especial relevancia na provincia lucense, xa que aquí fundase *Lucus Augusti*, o primeiro asentamento realmente urbano de Galicia, cara o 24 ou 26 A. C.

Sobre a súa fundación barallanse dúas hipóteses, hai algúns autores, caso de Schulten ou García Bellido, que defenden a idea de que se creou a partir dun campamento militar romano. Outros autores pola contra defenden a hipótese de que ten unha finalidade relixiosa e simbólica, xa que esa nova cidade serviría como punto de irradiación do culto ó emperador.

Mais esta cidade ten unha intencionalidade clara, obedecendo a unha estrutura social dual. En Lugo aséntase, xunto a un cativo número de comerciantes e artesáns, a administración romana e a oligarquía autóctona romanizada, a clase dominante, mentres que no resto do espacio verase poboado pola poboación autóctona pouco ou nada romanizada, a clase dominada. Esta cidade responde, por tanto, a unhas pautas e intereses de organización e control do espacio do noroeste peninsular.

A partires do século III acadara unha nova función, a defensiva, ó edificar as murallas en torno á cidade. Este fenómeno está inmerso no proceso de fortificación das cidades durante o baixo imperio pola inseguridade reinante.

A colonización romana tamén supón un novo cambio na organización do espacio rural. a partir de fins do século I d. C. iníciase a despoboación dos castros concentrándose a poboación nas chairas e vales fluviais, xurdindo as Villae, que son “explotacións agrícolas de tipo estable, dirixidos por un gran propietario que dispón de instrumental agrícola desenvolvido e que ten abondosa man de obra, non escravizada (VILLARES PAZ, 1984). Villae que non acadan o seu desenrolo ata o século III, e que terá unha gran importancia no período medieval.

No período altomedieval, coas invasións xermánicas, imponse o modelo das villae ou vilas, ligándose o fenómeno da imposición do sistema de relacións feudais. Cambia o seu orixinal significado romano de explotación agrícola, converténdose nun lugar de residencia da poboación reflexado nun tipo de poboamento concentrado equiparándose vila con aldea.

Durante o século XII e XIII prodúcese un forte crecemento demográfico, traducido na estrutura do poboamento pola fragmentación das vilas de orixe altomedieval, aparecendo unha clara dicotomía, xa que mentres uns asentamentos evolucionan cara un hábitat concentrado, dando lugar ós vilares, outros evolucionaran cara un asentamento disperso, representado polos casais, xurdindo novas vilas.

Tamén nestes dous séculos prodúcese un certo renacemento urbano, crecendo os vellos núcleos urbanos ou xurdindo outros en novos emprazamentos. Aparecen dous claros eidos de urbanización. Un primeiro seguindo a ruta xacobeá, coa aparición de pequenos núcleos urbanos, Triacastela, Sarria e Portomarín na provincia lucense, coa funcionalidade expresa de atender as necesidades dos peregrinos. Un segundo eido segue a liña costeira, con núcleos como Ribadeo ou Viveiro na Mariña lucense, que teñen a súa orixe na reactivación do comercio marítimo coa Europa Atlántica, nacendo nestes núcleos unha intensa actividade comercial e pesqueira.

Na Idade Moderna, a pesar do intenso crecemento demográfico, dende 1591 ata 1787 a poboación galega dobreuse, pasando dende os 630.000 ós 1.300.000 habitantes (VILLARES PAZ, 1984). As pautas de poboamento seguen ser as mesmas, un hábitat concentrado, aínda que por efecto da presión demográfica e dos novo cultivos dan lugar a un poboamento espallado en numerosas células de poboamento, en especial nas costas (SOUTO GONZÁLEZ, 1988).

Non topamos un verdadeiro proceso de crecemento urbano polo dominio absoluto dun modelo económico agrario totalmente autárquico, crecemento que só aparece tímidamente en certas vilas e cidades costeiras por mor dunha certa industrialización e desenvolvemento de novas técnicas pesqueiras. Habendo que esperar ó século XX para que as pautas de organización espacial trascendan do vello modelo agrario e se produza un proceso de urbanización que transforme as relacións productivas e os modos de organización territorial.

## II.—OS ASENTAMENTOS HUMANOS NA PROVINCIA DE LUGO.

Á hora do estudio dos asentamentos humanos debemos ter en conta unha dobre diferenciación urbano/rural. Ambos son elementos constituíntes dos sistemas organizativos nos que se divide o espazo, establecéndose entre eles diversos vínculos de relación, dependencia ou complementariedade en relación ás diferentes funcións que desempeñan dentro de cada sistema.

### —ASENTAMENTOS RURAIS.

Lugo ó enmarcarse no modelo de asentamentos das rexións atlánticas de Europa Occidental, vai caracterizarse por un elevado grao de dispersión e atomización dos núcleos de poboación. Tomando como fonte os Nomenclátors do I.N.I. pódese ilustrar fielmente a anterior definición. Das 63.613 entidades rexistradas para todo o Estado español, 31.695 corresponden a Galicia, supón un 49,8% do total sobre o 5,9% do territorio nacional. A provincia de Lugo, á súa vez, correspóndelle 10.179 entidades singulares de poboación, a 31,9% das galegas que é algo inferior ó 33,3% da porcentaxe que lle corresponde no total da superficie de Galicia.

A problemática do hábitat rural galego é, desde sempre unha das grandes preocupacións das ciencias sociais. Pese a que este tema é tratado dende numerosas perspectivas de investigación (antropólogos, xuristas, arquitectos, historiadores,...), non se chegou aínda a unha explicación definitiva da orixe desta forma de organización territorial, nin a unha definición e clasificación das formas de asentamento (TORRES LUNA, 1986).

En canto á orixe, as condicións naturais dun relevo excesivamente compartimentado, xunto ós sucesivos modelos de aproveitamento agarario que se van a suceder ó longo da historia, ou ós problemas de superpoboación que Galicia vai a sufrir en gran parte da Idade media e Moderna (EIRAS ROEL, 1986) son, entre outros, factores que poden explicarnos nunha maior ou menor medida a extraordinaria dispersión do hábitat. Tamén o réxime de tenencia da terra baseada no foro viña a favorecer a diseminación en pequenas unidades de poboamento sobre as terras aptas para o cultivo.

Centrándonos no espazo lucense o que nos interesa coñecer é como as particularidades propias do territorio provincial van repercutir nas posibilidades que o modo de aproveitamento rural tradicional vai ter para sustentar poboación. Como queira que a zona oriental de Lugo é unha zona montañosa (o 48,1 das terras da provincia están por encima dos 600 m.) a precariedade dos recursos, condicionados negativamente polas condicións ambientais reinantes, non favorecen unha ocupación intensa do solo. Unha maior densidade nos asentamentos rurais, como corresponde a unha áreas máis fortemente poboada, dáse na Mariña. A complementariedade de usos agrícola-pesqueiros, permiten unha maior presenza de aldeas e lugares. No resto das comarcas naturais (Terra Cha, Ulloa, Terra de Lemos,...) as intensidades de ocupación humana é oscilante as potencialidades que tales espazos presentan, en función das súas características físicas, para o aproveitamento agrario.

Desta forma simplista pode sintetizarse a organización dos asentamentos rurais na provincia lucense, aínda que é de xusticia remitir ó lector sensibilizado co tema ás interesantes aportacións que analizan con maior profundidade e sistematización o fenómeno dos asentamentos rurais (TORRES LUNA, 1986; BOUHIER, 1979; FARIÑA JAMARDO, 1975).

#### —ASENTAMENTOS URBANOS.

Á hora de tratar o fenómeno urbano na provincia de Lugo prestaremos especial atención ó establecemento das diferentes definicións e niveis dos núcleos urbanos, e ó proceso de urbanización que se está a sufrir nos últimos anos, concretado nunha crecente concentración poboacional e nunha organización espacial baseada nas vilas e cidades.

É difícil, e así se adiviña nas numerosas análises que dende diferentes perspectivas de estudio se fan sobre as cidades, establecer unha definición clara das mesmas. Quizá a necesidade de contrapoñela á definición de rural sexa un atranco para chegar a unha conceptualización universalmente válida, pero, e é aquí o fundamental, as características territoriais, económicas culturais e ata políticas de cada espacio, dan como resultado distintos tipos de asentamentos urbanos que demandan unha clasificación axeitada a cada realidade.

Atendendo ós volumes demográficos considérase cidade, segundo o I.N.I., a todo concello con máis de 10.000 Hbt. Lugo, seguindo este criterio, contaría con seis cidades (Burela, Lugo, Monforte, Sarria, Vilalba e Viveiro), mentres outras como Ribadeo ou Chantada, pese a contar cunha similitude a nivel urbano considerables coas anteriores, merecen o calificativo de rural. A non adaptación á realidade territorial de Galicia que este criterio establece fai que os estudos que intentan definir ós asentamentos urbanos teñan en conta os tamaños demográficos das entidades propiamente urbanas, fixándose, segundo os diferentes autores, diversos umbrais de tamaño. Tampouco nos parece excesivamente válido o complexo feito urbano baseándose no número de habitantes que un determinado núcleo posúe, pois a realidade e as implicacións do fenómeno urbano superan con creces á mera cuantificación estadística.

O máis definitorio, e que serve para que unha entidade poida catalogarse, ou non, como núcleo urbano, é que desempeñe o papel de lugar central dun espacio supramunicipal. Configurando un microsistema espacial no que se establecen, con diferente intensidade, numerosas friccións e movementos pendurais que teñen como nodo ó núcleo rector do sistema; en outras palabras, unha comarca funcional.

Deste modo é comprensible que cataloguemos de urbanos a núcleos como Becerreá, Fonsagrada, Quiroga..., porque se atendemos á funcionalidade que desempeñan dentro dos seus sistemas de organización espacial, veremos que, do mesmo xeito que outros como Vilalba, Sarria, Ribadeo..., xogan un mesmo papel: Abastecer de bens e servizos a poboación rural do seu entorno que, salvo para aqueles necesitados duns elevados umbrais de demanda e especialización, non necesitan desprazarse a cidades de maior entidade.

Os diferentes tamaños físicos e demográficos que presentan os asentamentos (exceptuando a capital provincial que experimenta un proceso individual) ha de definirse en relación ás funcións que concentra e ás realidades territoriais nas que se enmarca. No capítulo seguinte fixarémonos de forma máis profunda na diferente funcionalidade que estes núcleos desempeñan e nos sistemas urbanos que van a configurar, por isto, a continuación, centrarémonos na análise do proceso de urbanización destes núcleos establecendo relacións cos condicionantes que o medio físico e, sobre todo, as diferentes dinámicas económicas e sociais impoñen na localización e os tamaños das entidades de estudo.

O proceso de urbanización ven a definirse tanto polo crecemento físico das cidades como pola difusión dos modos económicos e de comportamento urbano polo territorio, o que se chama urbanización territorial. A consolidación do proceso dá lugar á aparición dun sistema urbano desagregado en diferentes escalas por subsistemas que, á súa vez, son sistemas propios. A provincia de Lugo vai á ver como se forma unha rede de asentamentos baseado na capital provincial e en pequenos núcleos urbanos de tamaño variable.

Dende 1900 ata a actualidade a poboación que vive nestas entidades, aínda que con ritmos diferentes, non para de medrar. O impacto que factores de índole territorial e económico desempeñan no proceso de crecemento deixase ver claramente nos casos presentados a continuación (Tabla I).

TABLA I. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DOS NÚCLEOS URBANOS  
E INCREMENTO PORCENTUAL Ó LONGO DO SÉCULO

	1900	1930	1960	1990	I. resp. 1900
Burela	774	972	1.871	7.376	953.9 %
Viveiro	4.003	4.215	4.439	5.736	143.2
Foz	1.336	1.980	2.584	3.815	285.5
San Ciprián	837	1.089	1.512	2.597	310.2
Ribadeo	2.954	3.089	3.475	4.433	150.0
Mondoñedo	3.333	2.823	2.600	2.352	70.5
Meira	1.327	1.503	1.601	1.746	131.5
Vilalba	1.554	2.379	3.385	4.664	300.1
Fonsagrada	765	907	984	1.163	152.0
Becerreá	659	694	884	1.418	215.1
Lugo	26.959	31.137	58.264	86.960	322.5
Monterroso	632	781	1.000	1.678	265.5
Sarria	1.476	2.159	3.386	6.159	417.2
Chantada	1.315	1.863	3.346	4.276	325.1
Monforte	5.025	7.124	13.737	15.707	312.5
Quiroga	811	905	1.143	1.311	161.1

*Por razóns de deficiencia das fontes estadísticas manexadas non podemos incluír a poboación de Guitiriz, Rábade e Palas de Rei*

Os núcleos localizados nas Serras Orientais son, a parte dos de menor volume demográfico, os que experimentan un aumento comparativo en relación a 1990 menor. O constante decrecemento demográfico, os baixos niveis de renda e o aillamento, son os principais condicionantes que explican esta circunstancia. Sen embargo, e debido a situación das Serras respecto ó resto do sistema urbano, Becerreá, Fonsagrada, e en menor medida Quiroga, concentran numerosas actividades terciarias que lle permiten configurar microrexións urbanas e acadar un carácter, pola súa funcionalidade, urbano.

Na Mariña conviven nun policentrismo funcional un importante número de pequenas cidades. Algunhas de ampla tradición, como Viveiro ou Ribadeo, non teñen un crecemento tan espectacular como Burela (en menor grado San Ciprián) que se benefician directamente da localización da factoría da Aluminio. Con todo o desenvolvemento da actividade pesqueira e o turismo dotan a este amplo sector dun importante dinamismo económico que se traduce nuns elevados índices de urbanización.

Outro grupo é o formado polas cabeceiras de ricas comarcas agrarias e que sufriron modestos procesos de industrialización endóxenas baseados en pequenas e medianas empresas (Chantada, Sarria e Vilalba). Con crecementos poboacionais superiores ó 300% teñen en común o estar dotadas dunha ampla e diversificada oferta de bens e servicios que lles permiten configurar os seus propios sistemas de organización territorial.

Dous núcleos interiores merecen unha análise á parte. Por unha banda Mondoñedo é o único asentamento da nosa relación que perde poboación en relación a comezos de século, como consecuencia da perda de importancia das súas funcións clásicas e a competencia dos núcleos máis dinámicos da costa. Por outra banda Monforte de Lemos como nodo ferroviario de gran importancia no interior de Galicia, vai experimentar un importante dinamismo poboacional en consonancia coa actividade ferroviaria da que depende gran parte da súa estrutura e dinamismo económico ó longo do presente século (similar a Burela aínda que este último máis recente).

En último lugar temos unha serie de pequenos asentamentos intermedios (Monterroso, Palas de Rei, Guitiriz,...) caracterizados polo desempeño de funcións terciarias e que veñen a configurar pequenos sistemas policéntricos dependentes de Lugo (A Ulloa), ou serven de complemento a cabeceiras comarcais de maior importancia (Guitiriz respecto a Vilalba).

Deste xeito o proceso de urbanización vai supor que unha serie restrinxida de entidades vaia medrar ó longo do século mentres a gran maioría (asentamentos rurais) van contraer significativamente os seus volumes de poboación. Así fronte ó crecemento ponderado que experimentan os núcleos seleccionados 282,3%, superior a media galega de 136,1%, Lugo, a nivel provincial vai descender nos seus totais perdendo o 16,4% da súa poboación respecto a 1900. O decrecemento, sen dúbida, sería maior de non darse un transvase de poboación nos sectores productivos e que tamén se traduce nunha redistribución espacial da poboación dentro do territorio provincial.

Por outra banda isto non é máis que a plasmación en variables espaciais do modelo de funcionamento do sistema económico de corte capitalista, no que se prima ós núcleos urbanos como entes organizadores do territorio e no que se reproducen mellor as pautas de comportamento de dito sistema. Isto vaise traducir, nun futuro, nunha vertebración territorial onde se configurarán toda unha serie de sistemas urbanos de diferente escala, e nestes núcleos tenderá a empregarse ou residir a poboación que a modernización e a reconversión agraria expulsa do campo.

### III.—ARTICULACIÓN TERRITORIAL E FUNCIÓN COMERCIAL.

Neste capítulo trataremos sobre a organización territorial actual do espazo da provincia de Lugo, de cómo este está estruturado en base a unha serie de cabeceiras comarcais, as cales rexen espazos rurais circundantes, que están, á súa vez, englobadas en sistemas funcionais. Tamén estudiaremos o papel de Lugo, que se erixe como cumio do sistema funcional conformado no espazo provincial.

Tamén falaremos da especial relevancia do comercio nas cidades e vilas lucenses, que adoptan o papel de lugares centrais fornecedores de bens e servizos a ó seu entorno rural dependente, case totalmente desprovisto de equipamentos comerciais minimamente especializados.

Nun núcleo urbano desenvólvense unha serie de actividades especializadas que desenvolven unha serie de cometidos que caracterízanse por efectuarse, mellor que calquera parte, en lugares centrais accesibles ou onde resulte economicamente necesario un alto grao de concentración da poboación (CARTER, 1987). Estas son as funcións urbanas, que dan sentido á existencia dun núcleo urbano como tal, sendo as funcións máis caracterizadoras das cidades e vilas lucenses as propias dun lugar central que son aquelas “que se levan a cabo para servir a zonas máis ou menos extensas, pero contiguas” (CARTER, 1987).

De entre estas funcións urbanas temos que destacar o comercio, o cal pódese definir como a actividade xurídica e económica que achega a produción ó consumo (MORENO e ESCOLANO, 1992). Esta función eríxese como a actividade fundamental da vida económica dos núcleos urbanos da provincia, que teñen ó seu cargo o facer de fontes suministradoras de bens e servizos ós espazos rurais que gravitan sobre elas.

Esta circunstancia débese a dous fenómenos de capital importancia. Dun lado ó cativo desenvolvemento industrial, salvo nalgúns excepcións puntuais e de escasa relevancia no conxunto da provincia (caso da factoría dedicada á elaboración de alumina, pertencente a Inespal, sita en San Ciprián, exemplo típico dunha industria de enclave cuns efectos multiplicadores que por economías de escala son moi febles limitándose o seu entorno inmediato) que dá lugar a que carácter de lugar central sexa vital para o seu desenvolvemento económico.

Por outro lado, á escasa implantación industrial temos que xuntar o pobre nivel de equipamentos comerciais do medio rural, o cal no mellor dos casos, limitase a algún establecemento de venda de artigos textís ou de electrodomésticos en capitais de concello, aínda que polo xeral limitase a comercios dedicados á venda de artigos de



consumo frecuente, establecementos comerciais que venden produtos que necesitan volumes de poboación cativos para poder subsistir, e moi pouco especializados. Isto dá lugar a que o comercio especializado e de bens de uso non frecuente contén unha clientela, á parte da do núcleo, fixa procedente do seu entorno rural facendo posible a subsistencia de un número moi superior de comercios dos que podería sobrevivir se só posúisen como clientela a do núcleo.

Na provincia distinguimos unha serie de entidades que, na nosa opinión, cumpren, en maior ou menor medida, ese papel. Incluíndo a capital provincial podemos subliñar os seguintes: Becerreá, Burela, Chantada, Fonsagrada, Foz, Guitiriz, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Palas de Rei, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.

Na Tabla II podemos observar que o sector dominante, salvo naqueles concellos que debido á súa gran extensión territorial teñen un volume grande de poboación

TABLA II. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA A NIVEL MUNICIPAL  
NOS CONCELLOS SELECCIONADOS

	Agric. e pesca	Industria	Construcción	Servicios
Becerreá	53,8%	4,1%	9,2%	32,9%
Cervo	25,6	27,6	8,7	38
Chantada	50,7	6,3	26	17,1
Fonsagrada	69,7	3,2	7,8	19,3
Foz	28,6	20,4	14,2	36,9
Guitiriz	70,9	3,5	15,3	10,4
Meira	42,8	11,5	7,6	38,1
Mondoñedo	42	18,9	8,9	30,2
Monforte	12,3	11,7	12,5	63,5
Monterroso	53,7	4,6	9,7	32
Palas de Rei	75	6,2	7,9	10,9
Quiroga	23,6	21,6	16,4	38,4
Rábade	7,3	21,9	11	59,8
Ribadeo	32	13,6	12	42,4
Sarria	35,6	18,3	9,7	36,4
Vilalba	45,4	10,2	12,8	31,6
Viveiro	20,5	22,5	12,4	44,6
Lugo	10,1	8,1	14,9	65,9
Provincia	45,1	10,7	8,4	35,6
Galicia	22,4	17,8	12,7	46,9

**NOTA.**—Os datos aparecen a nivel municipal, por isto non aparece “Burela” nin “San Ciprián”, senón Cervo que é o concello ó cal pertencen

rural, é o sector servicios, feito que ven a corroborar a nosa catalogación como núcleos urbanos, e máis se temos en conta que a maior parte dos activos terciarios concéntranse nos núcleos rectores, adquirindo estes unha relevante importancia para a ordenación espacial ó converterse nos eidos dos nudos humanos e económicos que se suceden no espacio. Mais revelador aínda para definir a consideración de núcleo de plena funcionalidade urbana, é o achegado ó número de licencias comerciais destes concellos (Tabla III).

TABLA III. LICENCIAS COMERCIAIS A NIVEL MUNICIPAL DOS CONCELLOS SELECCIONADOS

	Comercio maiorista	Comercio minorista
Becerreá	29	91
Cervo	144	316
Chantada	45	232
Fonsagrada	32	119
Foz	49	214
Guitiriz	30	118
Meira	23	77
Mondoñedo	16	132
Monforte	121	620
Monterroso	11	89
Palas de Rei	18	75
Quiroga	21	89
Rábade	29	64
Ribadeo	62	216
Sarria	71	349
Vilalba	99	334
Viveiro	86	479
Lugo	702	1.970
Total cabeceiras	1.588	5.584
Total provincial	2.140	7.682

*Fonte: "La economía lucense en cifras, 1989"*

Como podemos comprobar nesta tabla os dezanove concellos cabeceira de comarca, agrupan, tanto no caso do comercio maiorista como minorista, entre o 70 e o 75% do total de licencias da provincia, o cal dáanos unha idea da importancia do comercio para a economía destes núcleos.

Non tódolos núcleos cumpren as mesmas funcións, nin teñen a mesma relevancia. Así temos cabeceiras comarcais no estricto sentido da palabra, capaces de organizar grandes espazos comarcais de forma case autónoma, ó ter unha gama de funcións o suficientemente desenvolvidas que lles permite ter uns niveis de resposta a demanda do seu entorno sen que os habitantes do seu entorno, ou do propio núcleo, teñan que recorrer a viaxar a outros núcleos para satisfacer as súas necesidades; este é o caso de Chantada, Monforte de Lemos, Sarria, Vilalba e Viveiro.

Por debaixo atopamos outro nivel conformado polo resto das cabeceiras, salvo Lugo, que rexen un espazo funcional cuns niveis de autonomía máis reducido que as cabeceiras anteditas. Isto débese a que posúen un número de funcións máis reducido, o que lles forza a cumprir o papel de cabeceiras de apoio, servindo de puntos de apoio das cabeceiras comarcais máis importantes do sistema urbano lucense.

Por riba de estes dous niveis atopamos a Lugo, a capital provincial, que sitúase no cumio do sistema. Isto é así por que ó papel de lugar central, ou cabeceira, dunha ampla comarca úneselle o seu papel de importante centro de servizos, xa sexa no eido administrativo, sanitario, educativo ou de comercio altamente especializado, cun radio de influencia que abarca a totalidade da provincia.

Neste punto, logo de resaltar a importancia destes núcleos como lugares centrais organizadores de amplos espazos de economía agraria moi pouco diversificados e subequipados no referido ó sector servizos, onde se inclúe o comercio, e de definir a distinta natureza das cabeceiras comarcais da provincia; temos que pasar a estudar que espazos organizan salientando a existencia ou non de ligazóns de interdependencia entre eles.

Seguindo a Berry teríamos que intentar detectar sistemas de lugares centrais, xa que como el di se definimos un sistema como unha entidade que abrangue varios elementos que actúan recíprocamente son interdependentes, podemos afirmar, sen lugar a dúbidas, que estamos diante dun sistema de lugares centrais (BERRY, 1971). En Lugo, a escala provincial, isto é certo máis podemos subdividir o territorio nunha serie de subsistemas que non sempre cumpren as condicións implícitas na definición de Berry.

Topamos deste xeito varios subsistemas nos que se pode dividir o espazo lucense:

—Un primeiro espazo o conforma a Mariña Lucense, caracterizada por conformar un espazo funcionalmente policéntrico. Distribúense ó longo da costa unha serie de cabeceiras, Ribadeo, Foz, Burela e Viveiro, moi próximos entre si e con unha capacidade similar de organizar o espazo circundante, aínda que destacan pola súa maior diversificación económica e puxanza, Viveiro e en menor medida Burela.

—Mondoñedo fica aillada, erixíndose como centro, aínda que decadente, dunha pequena comarca. Esta cabeceira vese afectada pola atracción exercida por Lugo e polos núcleos urbanos sitos na costa da Mariña lucense.

—Outro espazo correspóndese coa Terra Cha, onde destaca Vilalba como núcleo urbano máis destacado, véndose favorecido pola súa posición central no ámbito do subsistema da Terra Cha. Como cabeceiras auxiliares de Vilalba atopamos a Meira e Guitiriz, situados no extremo oriental e occidental respectivamente do subsistema.

—Nas serras orientais atopamos a tres cabeceiras, Fonsagrada, Becerreá e Quiroga, deficitarias no referido a equipamentos e que rexen espazos moi deprimidos en tódolos aspectos. Isto dá lugar a que sexan atrapados pola influencia doutras cabeceiras máis desenroladas economicamente, así Becerreá e Fonsagrada, pese a grande distancia que as separa, caen directamente baixo a influencia de Lugo mentres que Quiroga gravita sobre Monforte.

—No sur atopamos dous espazos independentes, tratándose de comarcas cunha identidade. Dun lado está a comarca de Monforte e doutro está a de Chantada. A pesar da proximidade entre as dúas non se producen lazos de interdependencia especialmente fortes, xa que os niveis de funcionalidade de ámbolos dous núcleos urbanos son semellantes e aínda que Monforte ten unha dotación de equipamentos un pouco máis especializada Chantada vese máis atraída por Lugo que por Monforte no apartado dos servizos máis cualificados.

—Sarria actúa como unha cabeceira doutro espazo moi definido, aprisionada ente as áreas de influencia de Lugo e Monforte, pese ó que consegue manter uns niveis de funcionalidade que lle permiten manter unha área de influencia sobre o seu espazo circundante gracias o dinamismo económico e demográfico que experimenta nas últimas décadas.

—A Ulloa e un pequeno subsistema, fortemente influenciado polo poder de atracción de Lugo, composto por dúas cabeceiras, Monterroso e Palas de Rei, funcionalmente deficitarias, o cal agrava a súa dependencia respecto a Lugo.

—Por último atopamos no centro da provincia un novo subsistema, que se corresponde a Lugo ca unha pequena cabeceira de apoio, Rábade. Este subsistema está fortemente polarizado, véndose apoiado noutros subsistemas fortemente dependentes, caso da Ulloa.


En resumo na provincia lucense podemos observar tres tipos de subsistemas:

—Policéntrico, ou sexa con varias cabeceiras comarcais de parecida funcionalidade. Estando representado pola Mariña.


—Moderadamente monocéntrico, caracterizado por ter una cabeceira comarcal que se ve complementado por unha serie de cabeceiras de apoio na configuración do seu subsistema. Exemplo deste tipo de subsistema e a Terra Cha.

—Monocéntrico fortemente polarizado, cunha cabeceira comarcal definida e sen competencia. Caso de Monforte, Sarria, Chantada e Lugo.


—Debilmente polarizado. A capacidade das cabeceiras comarcais destes subsistemas é moi débil, tendendo a ser captadas baixo a atracción doutras cabeceiras funcionalmente máis evolucionadas. Caso de Mondoñedo, as serras orientais e a Ulloa.



Densidades de poboación dos concellos da provincia lucense, ano 1991.  
Elaboración propia, a partir dos datos do censo de 1991.



Numero de licencias nos concellos obxecto de estudo.  
Elaboración propia a partir dos datos da Cámara de Comercio do ano 1991.



Áreas de influencia de cada cabeceira comarcal.

Elaboración propia.

## BIBLIOGRAFÍA:

- ARMAS DIÉGUEZ, P.: **La organización del espacio lucense**. Deputación Provincial. Lugo, 1990.
- BERRY, B. J.: **Geografía de los centros de mercado y distribución al por menor**. Vicens-Vives. Barcelona, 1971.
- CARTER, H.: **El estudio de la Geografía Urbana**. I.E.A.L. Madrid, 1987.
- DURÁN VILLA, F. e aut.: **Viveiro. Un achadego á realidade urbana dun núcleo galego**. Consellería da Presidencia. Santiago, 1986.
- MORENO JIMÉNEZ, A. e ESCOLANO UTRILLA, S.: **El comercio y los servicios para la producción y el consumo**. Síntesis. Madrid, 1992.
- PÉREZ FARINA, M.<sup>a</sup> L.: **Las ciudades en Geografía de Galicia vol. II**. Xuntanza. Santiago, 1986.
- TORRES LUNA, M.<sup>a</sup> P.: **Geografía de Galicia**. Xuntanza. Santiago, 1986.
- SAAVEDRA, P.: **Economía, política y sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo**. Consellería da Presidencia. Santiago, 1985.
- SOUTO GONZÁLEZ, X. M.: **Xeografía Humana**. Galaxia. Vigo, 1988.
- VILLARES PAZ, R.: **A Historia**. Galaxia. Vigo, 1988.
- VINUESCA ANGULO, J. e VIDAL DOMÍNGUEZ, M.<sup>a</sup> J.: **Los procesos de urbanización**. Síntesis. Madrid, 1991.